



**Consello Social**  
*Universidade de Vigo*

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO  
CONSELLO SOCIAL DO 26.03.2019**

**LUGAR:** Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 26.03.2019

**HORA DE COMEZO:** 12:40 h.

**HORA DE REMATE:** 13:35 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

D<sup>a</sup> Mercedes Castro Mouzo

D. José M<sup>a</sup> Franco García

D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno

D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, día 26 de marzo de 2019, ás 12:40 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19.02.2019).
2. Informe do presidente.
3. Acordo que proceda sobre a proposta de patrocinio do "Estudo sobre as materias susceptibles de transmisión de persoas tituladas, e das necesidades formativas complementarias para a especialización profesional", así como a súa edición en galego e castelán, dentro do Observatorio de egresados da UVigo.
4. Acordo que proceda sobre a solicitude presentada para difundir no XVI Foro FECIES o "Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da UVigo 1990-2015".
5. Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico presentada para a organización das "I Xornadas italo-españolas sobre feminización e xustiza", no Campus de Ourense.
6. Avaliación e acordo que proceda, para elevación ao Pleno, da distribución de axudas previstas na convocatoria aberta do Plan de apoio a titulacións para efectuar prácticas preprofesionais.
7. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para organizar o "III Congreso euroamericano de dereito e política", evento académico internacional previsto no Campus de Ourense.
8. Aprobación, se procede, da achega precisa para organizar en Vigo, dende o Consello Social, as "V Xornadas de fundraising e mecenado", coa colaboración da Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas.
9. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada dende a Vicerreitoría do Campus de Ourense para colaborar na nova edición da convocatoria das "Bolsas Ourense exterior".
10. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada pola Delegación de alumnos de Industriais para a organización de actividades conmemorativas de "O patrón industrial 2019".
11. Acordo que proceda sobre a petición de apoio presentada pola Dirección da Escola de Enxeñaría Industrial para colaborar na organización da V Competición de robots da EEI.
12. Rogos e preguntas.

---

*Os asistentes reciben exemplares da publicación do traballo, patrocinado polo Consello Social, "O percorrido da empregabilidade na UVigo", do que son autoras as profesoras M<sup>a</sup> Jesús López e Gloria Caballero.*

Abre a sesión don Ernesto Pedrosa, agradecendo a asistencia dos membros na súa totalidade.

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19.02.2019).*

- ***Apróbase por asentimento.***



## **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Dá conta don Ernesto Pedrosa da ampliación de documentación que se lle solicitou ao profesor Guillermo Suárez Blázquez respecto do traballo sobre "Las esferas jurídicas de dos mundos: binomio posesión-dominio", ao que se lle concedeu unha axuda na anterior reunión para que sexa publicado. Considérase suficiente a información complementaria aportada.

## **PUNTO 3**

*Acordo que proceda sobre a proposta de patrocinio do "Estudo sobre as materias susceptibles de transmisión de persoas tituladas, e das necesidades formativas complementarias para a especialización profesional", así como a súa edición en galego e castelán, dentro do Observatorio de egresados da UVigo.*

Contemplase a elaboración dun estudo/informe para coñecer as necesidades formativas complementarias para a especialización profesional, dos titulados na UVigo unha vez que se inseriron no mercado laboral. A UVigo poderá contrastar a formación e competencias dos seus titulados coas demandas concretas do mercado nas distintas titulacións, ben para poder adecuar os planos de estudo as demandas laborais ou ampliar a formación con coñecementos específicos. O traballo encadrase dentro do proxecto de procura de datos para a posta en marcha do Observatorio de egresados da UVigo. A Comisión ACORDA:

- ***Elevar informe favorable ao Pleno cunha dotación de 15.000 €.***

## **PUNTO 4**

*Acordo que proceda sobre a solicitude presentada para difundir no XVI Foro FECIES o "Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da UVigo 1990-2015".*

Explica o presidente que o "XVI Foro internacional sobre avaliación da calidade da investigación e da educación superior (FECIES)", dentro do seu programa científico, convida ao profesor Luis Espada e ao seu equipo de traballo a expoñer o "Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da UVigo (1990-2015)", editado polo Consello Social. O Foro celebrarase en Santiago do 29 ao 31 de maio. Considérase de interese a súa presenza. Para a inscrición e gastos.

- ***Concédese unha axuda de 586 €.***

## **PUNTO 5**

*Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico presentada para a organización das "I Xornadas italo-españolas sobre feminización e xustiza", no Campus de Ourense.*

Dirixidas polas profesoras Inés Iglesias Canle e María José Bravo Bosch, as Xornadas pretenden achegarse á problemática proposta no título dende unha perspectiva xurídica e psicosocial, e dende a necesidade de realizar unha transformación da xustiza penal en clave de feminización para realizar plenamente o principio de igualdade. Desenvolverase na Facultade de Dereito en tres sesións e incluírán talleres sobre o chamado caso Nagore e o caso da Manada. Don Ernesto Pedrosa refire que, se ben a petición achégase aos 4.000 €, as axudas en iniciativas comparables sitúanse entre 1.000 e 1.500 €. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha axuda de 1.500 €.***



## **PUNTO 6**

*Avaliación e acordo que proceda, para elevación ao Pleno, da distribución de axudas previstas na convocatoria aberta do Plan de apoio a titulacións para efectuar prácticas preprofesionais.*

No informe que se somete á Comisión figuran once solicitudes (recibidas ao abeiro da convocatoria pública do Plan anual de apoio a titulacións da Universidade de Vigo con dificultades para realizar prácticas preprofesionais. A cifra de peticións mantense estable en once, se ben desaparece Belas Artes e incorpórase Minas e Enerxía). Seis corresponden a centros do Campus de Vigo, tres ao de Ourense e dúas ao de Pontevedra. Aclara o secretario, don Ignacio Rodríguez, que, consonte as bases, explícanse os criterios seguidos para o reparto de asignacións, no que se outorgan 1.800 € a cada solicitude, e se priman con carácter xeral as prácticas externas e o número de alumnos beneficiados; pónense así mesmo as especificidades prácticas de cada proposta e primáanse as fórmulas máis destacadas de achegamento dos alumnos ao mercado laboral, tendo tamén en conta o grao de execución rexistrado na convocatoria anterior. Antes de pronunciarse a Comisión sobre este punto, o secretario xeral da UVigo advirte que se ausenta na súa condición de profesor por ser parte interesada nunha das solicitudes presentadas. Sen a presenza de don Miguel Angel Michinel, a Comisión APROBA a distribución do Plan de Prácticums, dotado con 30.000 €, para o actual curso:

- Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía .....	2.600,00 €
- Escola Universitaria de Estudos Empresariais .....	2.265,00 €
- Facultade de Bioloxía.....	2.600,00 €
- Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte .....	2.000,00 €
- Facultade de Ciencias do Mar.....	2.600,00 €
- Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo .....	3.932,80 €
- Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación .....	3.132,80 €
- Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo .....	2.632,80 €
- Facultade de Dereito .....	3.432,80 €
- Facultade de Filoloxía e Tradución.....	3.432,80 €
- Facultade de Historia.....	1.371,00 €

- ***A Comisión aproba a proposta para elevación ao Pleno.***

## **PUNTO 7**

*Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para organizar o "III Congreso euroamericano de dereito e política", evento académico internacional previsto no Campus de Ourense.*

Promovido dende a Área de Ciencia Política e da Administración, e baixo a dirección do catedrático Guillermo Suárez, expón o presidente da comisión que o encontro conecta as experiencias de investigadores da Universidade Fluminense, de Rio de Janeiro, e da Universidade de Vigo nas áreas socioeconómicas e políticas dos dous continentes. Entre os asuntos que someterá a debate, co obxectivo da sustentabilidade, figuran a experiencia do estado do benestar, os mercados económicos e as realidades socio-xurídicas e institucionais. Tamén pretende servir como mostra entre os asistentes das potencialidades investigadoras e académicas do Campus da auga. Para establecer a axuda, tense en conta o apoio prestado na anterior edición. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha axuda de 1.300 €.***



### **PUNTO 8**

*Aprobación, se procede, da achega precisa para organizar en Vigo, dende o Consello Social, as "V Xornadas de fundraising e mecenado", coa colaboración da Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas.*

Lembra don Ernesto Pedrosa que o Consello Social da Universidade de Vigo foi elixido en 2013 como referente oficial dos Consellos Sociais españois no eido do Mecenado. Dende entón organiza periodicamente estas Xornadas que serven como punto de encontro. A Conferencia colabora na organización destas Xornadas (nas que achega 3.000 €), que chegan á quinta edición, e coas que se pretende coñecer e avanzar un novo marco de relación entre universidades, axentes sociais e novos financiadores da actividade académica. Nesta edición falarase nun amplo programa que combina expertos en diferentes áreas e responsables políticos, de "El ejercicio de donar a la universidad en nueve experiencias: ayudas legales, ayudas fiscales, ayudas de comunicación". Celebrarase os días 9 e 10 de maio, en Vigo.

Trala exposición, os presentes intercambian opinións sobre a importancia, os valores e as vías para fomentar a cultura do mecenado e das doazóns, así como suxestións para o mellor desenvolvemento da iniciativa, insistindo don José María Franco na conveniencia de recompilar nun libro impreso os relatorios que se presenten. Reflexiona o secretario a difusión que terán a través dos soportes dixitais, e engade que o obxectivo da convocatoria non é tanto acadar grandes intervencións sobre a temática que se trata, senón crear axentes activos e axitadores a favor da cultura do mecenado. Informa, por último que ao próximo Pleno se remitirá un orzamento estimado das Xornadas, que precisarán entre 14.000 e 15.000 €. A Comisión APROBA:

- ***Elevar ao Pleno un pronunciamento favorable cunha estimación económica de 12.000 €.***

### **PUNTO 9**

*Acordo que proceda sobre a axuda solicitada dende a Vicerreitoría do Campus de Ourense para colaborar na nova edición da convocatoria das "Bolsas Ourense exterior".*

Manifesta o presidente que, en convenio coa Universidade de Vigo e a Deputación de Ourense, o obxecto das bolsas que se convocan para o curso 2018/19 é facilitar a mobilidade de estudantes residentes no estranxeiro para que poidan incorporarse a primeiro de mestrado no Campus de Ourense. O pasado curso presentáronse 10 solicitudes e foron tres os estudantes admitidos, procedentes de Brasil, Uruguai e Colombia, matriculados en Mestrado en xestión empresarial do deporte, Mestrado en dirección e planificación do turismo, e Mestrado en Nutrición.

- ***Achéganse 5.500 €.***

### **PUNTO 10**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada pola Delegación de alumnos de Industriais para a organización de actividades conmemorativas de "O patrón industrial 2019".*

De xeito resumido, informa don Ernesto Pedrosa que os máis de 4.000 alumnos da Escola de Enxeñería industrial e os profesores, xunto coa comunidade universitaria, están convocados a celebrar o día do patrón de xeito diferente con alternativas responsables ás festividades lúdicas. Ademais de convocar un concurso para deseñar o novo logo da escola, amosarán como intervén a enxeñaría nunha máquina xigante de filloas ou nos mecanismos dun home orquestra. Salientan os presentes a imaxinación posta ao servizo da iniciativa e a boa dirección na que apunta. A Comisión APROBA:

- ***Conceder 1.500 €.***



**PUNTO 11**

*Acordo que proceda sobre a petición de apoio presentada pola Dirección da Escola de Enxeñaría Industrial para colaborar na organización da V Competición de robots da EEI.*

Consonte a proposta que se presenta, a Escola de Enxeñaría Industrial agarda convocar a un milleiro de alumnos de Secundaria e Bacharelato de toda Galicia nesta cita, que ten como obxectivo achegar ós estudantes as titulacións que imparte e fomentar o interese polas disciplinas STEAM e en especial polos estudos de enxeñaría, ao tempo que se fomenta a interconexión de estudantes e se potencia o autoaprendizaxe no deseño, construción e programación de robots autónomos. Os presentes cualifican como meritoria e moi proveitosa a convocatoria. A Comisión APROBA:

- ***Achegar o importe total da petición que ascende a 500 €.***

**PUNTO 12**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:35 horas do 26 de marzo, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias